

ACTA Nº 4/2010

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

En Paradelas, a vinte e oito de xullo de 2010.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as doce horas e oito minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. ROBERTO DÍAZ LUACES
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS LÓPEZ TABOADA.

Non asisten á Sesión os Sr. Concelleiros: D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE MAIO DE 2010.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de maio de 2010, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de maio de 2010.

O resultado foi de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 22 DE XUÑO DE 2010, DE REDUCCIÓN SALARIAL DOS CARGOS ELECTOS.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada en data 22 de xuño de 2010 adoptou o acordo, que se presenta ante o Pleno da Corporación para a súa debida ratificación, co seguinte tenor literal:

“4. OUTROS ASUNTOS DE COMPETENCIA LOCAL.

4.5. Proposta de redución salarial dos cargos electos.

Visto o Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. (BOE nº 126, de 24 de maio de 2010).

Visto o acordo da Comisión Executiva da FEMP en relación á redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais, polo que se recomenda aos Concellos, Deputacións, Consellos e Cabildos Insulares a aplicación da medida de redución dos salarios de Alcaldes/as Presidentes/as, Concelleiros/as, Diputados/as e Consellerios/as, así como Altos cargos dos Gobernos Locais.

Visto que a redución aplicarase utilizando os mesmos criterios e escalas establecidas polo Goberno de España para a Administración Xeral do estado (AXE), facéndose efectivas na nómina do mes de xuño, quedando os salarios conxelados para o ano 2011.

Visto o Anexo da FEMP, de redución salariais orientativas para Alcaldes, Consellerios, Presidentes de Deputación, Consellos Cabildos Insulares, Deputados Provinciais e Altos cargos da administración Local.

Tras un breve debate, en votación ordinaria e polo voto favorable dos catro membros presentes sendo éste o seu número legal de membros, a Xunta de Goberno Local acordou:

PRIMEIRO.- Acordar a redución salarial do Alcalde-Presidente da Corporación un 7,00% sobre o salario total a partir da nómina de xuño, quedando conxelado o salario para o ano 2011.

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno do presente acordo para a súa debida ratificación”.

A continuación, procédese a votar a ratificación, resultando ratificado o acordo, pola maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor do seis membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos tres membros do Grupo Municipal Socialista que asisten ao Pleno e o membro do BNG.

4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2009.

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas, sendo un resumo do exercicio 2009, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno

Sometida a votación ordinaria, o Pleno cos seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular, a abstención dos tres membros do Grupo Municipal Socialista que asisten ao Pleno e o membro do BNG, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.009 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

5º. ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO PATRONATO DE TURISMO DA PROVINCIA DE LUGO.

O Alcalde-Presidente procede á lectura da seguinte proposta “Vista a creación do Consorcio do “Patronato de Turismo de la Provincia de Lugo”, do que forman parte concellos, Consellos reguladores, asociacións culturais, asociacións de empresarios e empresas privadas relacionadas co sector turístico; tal e como se observa na escritura de constitución que consta na documentación que se achega.

Vistos os Estatutos do Consorcio do “Patronato de Turismo de la Provincia de Lugo”, que no seu artigo 4 establece como función esencial asegurar coa maior amplitude posible o cumprimento do obxectivo de promoción e fomento do turismo, deseñando as funcións que se recollen no citado artigo.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Paradela ao Consorcio do “Patronato de Turismo da Provincia de Lugo”.

SEGUNDO.- Nomear como representante do Concello, ao Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Díaz.

Paradela, 19 de xullo de 2010. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”

O Sr. Alcalde explica que a raíz do Consorcio da Ribeira Sacra, xurde este Patronato coa idea de seguir coa liña que tiña o anterior Consorcio e poder concorrer as

axudas do Estado e da Comunidade Autónoma e acadar medios para pontenciar a riqueza tanto cultural como turística da Ribeira Sacra.

Toma a palabra D. Roberto Día Luaces, voceiro do Grupo Municipal Socialista, preguntando se a adhesión vai a ocasionar algún gasto para o Concello.

O Sr. Alcalde resposta que nun principio non, pero no seu momento, co anterior Consorcio os concellos facían aportacións; polo que sempre o Concello vai ter que aportar algo.

No seu turno de palabra, D. Jesús López Taboada, voceiro do BNG, pregunta se o que fai este Patronato e suplir ao anterior Consorcio.

O Sr. Alcalde respóstalle que non se trata de suplir o Consorcio, senón a continuidade do que viña a facer o mesmo, de potenciación e revitalización tanto da Ribeira Sacra como da Provincia de Lugo, en xeral, xa que o Patronato ten carácter provincial.

O Sr. López Taboada, comenta que a Deputación Provincial ten un Consorcio deste carácter, o que conleva a existencia de máis gastos correntes en vez de inversións, e se non sería mellor en vez de adherirse a outro organismo deste tipo e replantear a posibilidade de adherirse ao da Deputación..

O Sr. Alcalde, resposta que é certo que a Deputación ten un Consorcio deste tipo pero que foi destinado practicamente a Monforte, non tendo ningún éxito, aínda que segue a existir o mencionado Patronato.

O Sr. López Taboada, voceiro do BNG, di que hai un meses o Concello tamén se adheriu a un Consorcio para a promoción do emprego na provincia de Lugo, non véndolle ningún resultado ata o momento.

O Sr. Alcalde resposta que está de acordo co Sr. López Taboada e que só serviu para colocar algunha xente e non se lle sacou rendabilidade ningunha.

Procédese a someter a votación, a adhesión, que resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor do seis membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos tres membros do Grupo Municipal Socialista que asisten ao Pleno e o membro do BNG.

6º. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA A INSTANCIA DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), SOBRE O 1% CULTURAL.

O Sr. Alcalde fai un breve resumo da Moción no que o que se solicita é a participación dos Concellos a través da FEMP ou/e da FEGAMP na Comisión Interministerial do 1% cultural relativa a execución de proxectos por parte da Administración do Estado e das Comunidades Autónomas. Dicindo asemade, que en Paradela vaise a realizar unha actuación na Parrocha con cargo a este 1% cultural.

A Moción ten o seguinte contido:

FOLLA Nº 5

“En data 3 de xuño de 2010, ten entrada no rexistro do Concello, unha Circular da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) referente a unha Moción do 1% Cultural.

A Lei de Patrimonio Histórico establece a obriga de destinar nos contratos de obras públicas unha partida, de alo menos, o 1% a traballos de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español ou ao fomento da creatividade artística, con preferencia na propia obra ou no seu entorno inmediato. Estes traballos realízanse a través de proxectos que poden presentar tanto as Administracións como as Universidades Públicas, polo que os Concellos poden concorrer a esta financiación.

En reiteradas ocasións, dende a FEMP solicítuse formalmente ao Ministerio de Cultura a incorporación de representantes das Entidades Locais na Comisión encargada de coordinar este un por cento cultural e aprobar as actuacións que se van a realizar, xa que a pesares do recoñecemento establecido no artigo 6 do Real Decreto polo que se crea dita Comisión, sobre a necesidade de colaborar coas Entidades Locais para levar a cabo actuacións conxuntas, o artigo 3, relativo á composición da Comisión, non contempla a participación de membros das Entidades Locais na mesma.

Na Circular, que se adxunta coa presente, a FEMP considerou oportuno trasladar aos Concellos, a conveniencia de aprobar Mocións solicitando que se modifique a normativa vixente en relación coa coordinación do un por cento cultural, para que nas respectivas comisións técnicas e políticas se incorporan representantes das Entidades Locais designados pola FEMP.

A participación de representantes locais na Comisión Interministerial permitirá unha mellor defensa dos intereses das Entidades Locais, respecto a importantes decisións que se plantean no seno da Comisión, como a adoptada no seu día referida á supresión da posibilidade de incluír como custo de redacción do proxecto, coa dificultade que elo conleva para os Concellos, tal e como puxo de manifesto a Comisión do Patrimonio Histórico- Cultural da FEMP.

Polo exposto,

Propónse ante o Pleno da Corporación a Moción pola que se insta aos Parlamentos nacionais dos distintos grupos a impulsar a modificación da normativa vixente en relación coa coordinación do un por cento cultural, solicitando a dita Comisión Interministerial e aos seus Grupos de Traballo que se incorporen representantes das entidades Locais, designados pola FEMP.

Paradela, 3 de xuño de 2010”.

Sometése a votación a Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asiten á sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

7º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA A INSTANCIA DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), SOBRE A “MODIFICACIÓN DO ARTIGO 14.2 DO REAL DECRETO-LEI 8/2010, DE 20 DE MAIO, POLO QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO”.

O Sr. Alcalde presenta ao Pleno a citada Moción, cuestionando a legalidade do Real Decreto e porque sendo a administración menos endeudada, a redor do 1%, se lle poñen estas trabas as entidades locais.

Por parte do Secretario da Corporación explícase que as dúbidas sobre a legalidade do Decreto están fundamentadas en que modifica a Lei de Facendas Locais que é a que establece os requisitos e límites do endebedamento das entidades locais, considerándose que un Decreto desta natureza non pode ir en contra do establecido pola Lei de Facendas Locais.

A continuación reproducése a Moción, co seguinte tenor literal:

“En el marco de los compromisos asumidos por nuestro país frente a la Unión Europea, el pasado 20 de mayo, se aprobó el Real Decreto-ley 8/2010, por el que se adoptan medidas extraordinarias para reducir el déficit público, con la finalidad de acelerar tanto en 2010 como en 2011 la reducción inicialmente prevista en la actualización del Plan de Estabilidad y Crecimiento 2010-2013, aprobado por el Consejo de Ministros de 29 de enero de 2010.

Más allá de las medidas concretas recogidas en el citado Real Decreto-Ley, éste supone una llamada al compromiso de los diferentes niveles territoriales de la administración a la consecución de un objetivo que debe ser compartido por todas ellas.

Este llamamiento ha sido plenamente asumido por los Ayuntamientos, Diputaciones, Consejos y Cabildos Insulares, que a través de su participación en la Comisión Nacional de la Administración Local han hecho suyo el objetivo de estabilidad para 2010, así como la estimación de déficit para el conjunto de las corporaciones locales en los próximos ejercicios y el umbral de déficit por debajo del cual no será precisa la presentación de un Plan Económico Financiero, que habían sido propuestos por el Gobierno de España.

Sin embargo, la responsabilidad que se exige a las Entidades Locales y que lealmente éstas asumen, no puede suponer, en ningún caso la vulneración de la autonomía local, garantizada por nuestra Carta Magna, ni puede suponer una restricción a la actuación de las mismas proporcionalmente muy superior a la asumida por el Estado y por las Comunidades Autónomas.

Concretamente, el artículo 14.2 del Real Decreto-ley prohíbe a las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, endeudarse a largo plazo a lo largo de 2011, sin que exista ninguna limitación similar ni para las Comunidades Autónomas ni para la Administración General del Estado, que seguirán incrementando su endeudamiento a lo largo del citado ejercicio.

Teniendo en cuenta, como ya se ha señalado, que está previsto que en 2011 el conjunto de las Corporaciones Locales alcance un déficit máximo del 0,8% por ciento, no parecen existir razones que justifiquen la imposibilidad de que ese mismo sector pueda incurrir en un endeudamiento por un importe equivalente, ya que en caso contrario éstos estarían abocados a liquidar sus presupuestos, en la mayoría de los casos con Remanente de Tesorería negativo, generando importantes tensiones de tesorería, con el consiguiente perjuicio para el conjunto de la economía.

Así mismo, debe tenerse en cuenta que, dado el escaso peso de la deuda municipal en el conjunto de la deuda de la Administración pública española, la variación de la misma (tanto si se incrementa como si se reduce) resulta muy poco relevante, máxime si tenemos en cuenta los incrementos de deuda previstos por la Administración General del Estado para 2011. En síntesis, desde un punto de vista práctico la reducción del stock de deuda que se derivaría de la citada prohibición, sería prácticamente irrelevante.

Por el contrario, la aplicación de la citada prohibición en sus términos actuales no afectaría sólo a las nuevas inversiones proyectadas para el futuro, sino también a todas aquellas que actualmente se encuentran en ejecución, de forma que se generarían importantísimos costes adicionales derivados tanto de la obligación de indemnizar a los contratistas como del deterioro físico que sufrirían las obras en curso durante el tiempo de su interrupción.

A lo anterior se une la pérdida económica que se derivaría de la imposibilidad de acometer o concluir proyectos cofinanciados con recursos externos a la Entidad Local, viéndose algunos ayuntamientos incluso en la obligación de devolver los importes ya percibidos al no poder justificar la liquidación del proyecto en el plazo autorizado.

En consecuencia con todo lo anterior, en el seno de la FEMP, se adoptó por unanimidad la decisión de someter en todos los Plenos de los Gobiernos Locales españoles un acuerdo por el que se inste al Gobierno de España a modificar la actual redacción del artículo 14.2 del Real Decreto-ley 8/2010, de forma que respetando la autonomía financiera de los Ayuntamientos quede garantizado su compromiso con la reducción del gasto público y la inversión.

La Comisión Ejecutiva acuerda por unanimidad de sus miembros presentes el siguiente acuerdo:

Instar al Gobierno de España a que modifique la redacción del artículo 14.2 del Real Decreto Ley 10/2010, suprimiendo la prohibición genérica de endeudamiento de las Entidades Locales para el ejercicio 2011, por una limitación de la misma, de acuerdo con las siguientes condiciones:

Primero.- Los Ayuntamientos, Diputaciones, Consejos y Cabildos Insulares se comprometen a coadyuvar a la reducción del déficit público y al control del crecimiento de la deuda pública, y por eso asumen la necesidad de controlar el crecimiento de la deuda local, en función del volumen de deuda de cada uno de ellos en el momento actual.

Segundo.- Tomando como referencia el stock de deuda de cada entidad a 31 de diciembre de 2010, calculado conforme a los criterios del Protocolo de Déficit Excesivo, -metodología aplicada por el Banco de España y por el Banco Central Europeo-, las Entidades Locales no podrán iniciar nuevas inversiones en 2011 financiadas con endeudamiento, pero sí podrán continuar financiando con este recurso la ejecución de los contratos, incluidos los plurianuales, que hubiesen sido adjudicados antes de la entrada en vigor del Real Decreto-ley 8/2010. Sólo en el caso de las obras cofinanciadas con recursos externos a la Entidad Local, podrá acudir a su financiación con endeudamiento, con independencia de cual sea su fecha de adjudicación.

Tercero.- Reivindicar una financiación justa y suficiente para las haciendas locales que permita mantener el nivel y calidad de los servicios que prestan en beneficio de los ciudadanos.

Aprobada la moción por el Pleno se remite a la FEMP para su posterior traslado a la Vicepresidencia 2ª, Vicepresidencia 3ª del Gobierno de España y Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso de los Diputados y del Senado”.

Sometése a votación a Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

8º. FIXACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DO PRÓXIMO PLENO ORDINARIO DE SETEMBRO.

O Sr. Alcalde di que a proposta se debe a que o próximo pleno ordinario do mes de setembro coincide co festivo local de San Miguel.

Toma a palabra o Sr. López Taboada dicindo que no acordo de constitución da Corporación contemplábase que o Pleno celebrábase o último mércores cada dous meses, entendendo que se trata ao último mércores hábil, polo que pensou que o motivo da proposta de cambio era outra e non a coincidencia co festivo local.

O Sr. Alcalde di que a proposta queda retirada e que o Pleno queda fixado para o día 22 de setembro de 2010.

Asemade faise constar en acta, a petición do Sr. López Taboada, que en caso de producirse outra situación desta índole se tome a mesma decisión de trasladalo ao anterior mércores hábil.

9º. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre.

Toma a palabra D. Xesús López Taboada, portavoz do BNG, dicindo que non vai preguntar de novo sobre o estado das xestións relativas a construción da Residencia

FOLLA N° 9

en Paradela, se ben di que en Baleira había un acordo de que a fixese a Deputación e ao non facerlla, agora executaraa a Xunta; polo que Paradela podería pedir a Deputación que o acordo que tiña en Baleira pase para Paradela.

O Alcalde di que está seguro de que se lle pedira a Deputación que realizase a Residencia dirialle que sí, porque sempre di que sí a todo aínda que despois a realidade sexa outra.

D. Xesús López Taboada di que se está tan seguro, que o solicite, porque onde non hai nada, bo é ter algo.

O Alcalde di que respecto a este tema todo vai polo bo camiño.

O Sr. López Taboada realiza unha segunda pregunta, sobre a impugnación interposta contra as adxudicacións das obras dos paneis solares.

Por parte do Secretario da Corporación explícase que a impugnación referiuse a interpretación dun dos criterios de adxudicación, máis en concreto, o referente a oferta de maior potencia instalada.

O Sr. López Taboada pregunta acerca dos criterios de adxudicación, e se se incluiu o de garantía de produción de enerxía, por que ao seu entender os paneis deberían ter unha inclinación de 20 ou 30 grados, non estar en plano como foron colocados porque pode que o concello vaia a deixar de percibir ingresos.

O Secretario expón cales foron os criterios de adxudicación e explícase que a contestación do recurso de reposición realizouse en base a un informe do Técnico Director de Obra, pero referiase ao dito anteriormente non a ningunha cuestión técnica referida á inclinación dos paneis solares.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do vinte e oito xullo de dous mil dez, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde**

O Secretario-Interventor